



Asociación Galega de Ensinantes de Economía en Secundaria

**ACTA Nº 2 DE REUNIÓN DA ASEMBLEA XERAL ORDINARIA DE AGAEDES**  
**(2ª CONVOCATORIA):**

<b>ASISTEN:</b>	<b>NON ASISTEN:</b>
1. González Álvarez, Francisco Javier	1. Álvarez Diñeiro, Rogelia
2. López Ulloa, M <sup>a</sup> Socorro	2. Antolínez Felipe, M <sup>a</sup> Elena
3. Meiriño González, M <sup>a</sup> del Carmen	3. Arias Rodríguez, Lurdes
4. Sánchez García, José Ángel	4. Barrio Rodríguez, Ramona
	5. Carballo García, Raquel
	6. Castellano Mourín, Jesús
	7. Conde Santos, Elena
	8. Doval Casal, Marisol
	9. Fernández Sasiáin, Laura
	10. Ferreiro Paz, Xoán Xosé
	11. Gago Florenti, M <sup>a</sup> Rosalía
	12. García Irimia, M <sup>a</sup> Luz
	13. Gómez Fernández, Rafael
	14. Gómez Nieto, Dolores
	15. Jorge Otero, M <sup>a</sup> Olga
	16. Lado García, Concepción
	17. Lado García, Manuel
	18. Lama Bravo, Patricia
	19. López Soto, M <sup>a</sup> Beatriz
	20. Louzao Rodríguez, Xoán A.
	21. Mantiñán Pérez, Beatriz
	22. Murias Gil, Sergio
	23. Otero García, Isabel
	24. Pavón Amorín, M <sup>a</sup> Milagros
	25. Pazos Pardos, Mercedes
	26. Prol Prol, Nieves
	27. Pumar García, M <sup>a</sup> Mercedes
	28. Quintela Miramontes, Jesús
	29. Ramírez Mosquera, Margarita
	30. Rivas Barrós, Francisco J.
	31. Rodríguez Giráldez, Francisco
	32. Rodríguez González, Marta M.
	33. Vallejo Pérez, M <sup>a</sup> Carmen
	34. Vázquez Carpintero, José Luis
	35. Vázquez Obelleiro, Esther
	36. Veiguela Reigosa, Marta
	37. Cabarcos Anca, Javier
	38. Concha Fraga, Higinio
	39. Prieto-Puga Fariña, Rafael
	40. Rodríguez Blanco, Carlos Alfonso
	41. Andrade Enríquez, M <sup>a</sup> Jesús
	42. Otero, Concha

Sendo as **18 h.** do día **10 de decembro de 2009**, reúnen-se os asistentes arriba citados en **1ª convocatoria** da sesión ordinaria da **Asemblea Xeral de AGAEDES**. Dado que en 1ª convocatoria, os asistentes non sumaban a metade máis un dos asociados, a **Asemblea Xeral** quedou validamente constituída en **2ª convocatoria**, ás **18 h.** do citado día para tratar a seguinte orde do día:

### **1. Actividades desenvolvidas no segundo ano pola Asociación. Aprobación das xestións realizadas pola xunta directiva.**

O presidente da asociación, D. Francisco Javier González informou de que as actividades principais desenvolvidas no último ano foron: a campaña de captación de novos socios, a elaboración dos boletíns informativos e a posta en marcha da web da asociación:

<http://www.agaedes.org/>

Nos boletíns informativos, dispoñibles na web de Agaedes pódense consultar con maior grao de detalle as actividades desenvolvidas.

A xestión da xunta directiva apróbase por maioría absoluta.

### **2. Lectura e aprobación do estado das contas.**

O presidente da Asociación fixo entrega do **Estado de Ingresos e Gastos ata setembro de 2008** a todos os/as asociados/as asistentes e realizou os seguintes comentarios:

- O saldo actual de **AGAEDES** na conta corrente ascende a **473,06 €**.
- Queda pendente de realizar o gasto orixinado polo "*hosting*" da páxina web, aproximadamente **100 €** en 2010.
- **AGAEDES** terá que achegar **100 €** aproximadamente a **CEAPES** en 2010.
- Existen gastos pendentes de pago por importe de **612,39 €**, referidos a gastos xustificadas de desprazamentos e dietas do Presidente e da Vicepresidenta.
- O presidente fixo alusión á necesidade de comprar un cuño para a Asociación e un teléfono móbil para AGAEDES.
- En relación coas I Olimpíadas de Economía de Galicia, Francisco Javier González informou de que non se conseguira a subvención da Consellería de Educación por un problema de redacción dos obxectivos dos Estatutos. De aí que nesta reunión se procedese a aprobar a modificación dos Estatutos da asociación.

O estado de contas apróbase por maioría absoluta.

### **3. Modificación dos estatutos.**

Apróbase a modificación dos artigos 2, 3, 9, 10, 14, 21, 22, 25 dos estatutos de AGAEDES, nos termos establecidos na consulta que se fixera a tódolos asociados por correo electrónico anteriormente á asemblea xeral.

O presidente iniciará as xestións para o seu rexistro na Consellería.

### **4. Determinación das cotas para o curso 2009-10.**

- Os asistentes acordaron manter en 30€ mensuais as cotas por asociado para este curso.

### **5. Análise da entrevista mantida por representantes de AGAEDES co Conselleiro de Educación.**

- O presidente e a vicepresidenta informaron do encontro que tiveron o 9 de decembro co Sr. Conselleiro de Educación (D. Jesús Vázquez Abad) e co Sr. Director Xeral de Ordenación Educativa, Formación Profesional e Innovación Educativa (D. José Luis Mira Lema). En termos xerais, sinalaron a boa acollida da proposta dunha materia optativa no bacharelato, aínda que sinalaron que moi probablemente haberá que esperar a unha modificación xeral do currículo do bacharelato para que chegue a ser incluída no catálogo de materias optativas.
- Outro tema tratado na reunión, foi o relativo á ponderación por parte da CIUG, da materia de economía da empresa, nas probas de acceso á universidade. Tanto o señor Conselleiro como o Director Xeral coinciden con nós en que as ponderacións non se fixeron correctamente. Comentan que a Consellería non ten nada que ver coas decisións da CIUG, pero que nas reunións ás que asistiron nese organismo xa llo fixeron saber, e que a resposta da CIUG foi que todo se debía ao escaso tempo co que se fixo todo, pero que este ano as ían cambiar. Comentáronnos que a Consellería seguirá mantendo esta postura nas futuras reunións coa CIUG.

#### **6. Análise das ponderacións establecidas pola CIUG para a materia de economía, e posibles actuacións por parte de AGAEDES.**

- Os asistentes decidiron por maioría dar continuidade ás xestións que se están levando a cabo de cara a que a ponderación de Economía da Empresa sexa de 0,2 (e non de 0,1 como ocorre na actualidade) para o acceso a estudos universitarios relacionados coas Ciencias Sociais. Existe información sobre esta xestión na web da asociación.

#### **7. Análise da proposta feita pola plataforma cidadá “queremos galego”, para que AGAEDES se integre nela.**

- Antes de adoptar ningunha decisión, os asistentes consideraron máis apropiado realizar unha consulta con carácter previo a todos os asociados/as en relación con esta proposta.

#### **8. Aprobación do proxecto de actividades a realizar no ano seguinte.**

A actividade da asociación o ano que ven centrarase nos seguintes aspectos:

- No estreitamento de lazos con diversas institucións coas que ven mantendo relación, para darse a coñecer.
- No seguimento da solicitude feita á Consellería sobre a optativa de bacharelato.
- Continuar coa reclamación ante a CIUG no tema da ponderación da materia de Economía da Empresa
- Colaborar na organización da 2ª olimpíada galega de economía
- Colaborar coa posta en marcha da CEAPES

#### **9. Rogos e preguntas.**

Non houbo.

Non habendo máis asuntos que tratar, levantouse a sesión sendo as **19 horas** do día citado, de todo o cal dou fe como secretario e asino a presente co visto bo do Presidente e da Vicepresidenta.

**O PRESIDENTE**

**A VICEPRESIDENTA**

Asinado: Fco. Javier González Álvarez

Asinado: Mª Carmen Meiriño González

**O SECRETARIO**

Asinado: José Angel Sánchez García